

CUARTA.- Xustificación

A Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela acreditarán o cumprimento das obrigas asumidas na cláusula segunda, mediante a achega dunha certificación acreditativa do pago dos gastos que figuran na cláusula terceira; ademais, o concello acreditará a difusión do Festival Rosalía 2026 nos espazos municipais de difusión, mediante a achega de imaxes que o xustifiquen.

A documentación será remitida por cada unha das entidades asinantes á outra antes do 30 de novembro de 2026.

QUINTA.- Vixencia do convenio e modificación

As actuacións obxecto do convenio desenvolveranse no marco da organización e celebración do Festival Rosalía 2026, polo que a súa vixencia finalizará logo de que se teñan feitos todos os pagamentos derivados do dito festival e remitida a documentación sinalada na cláusula cuarta, tendo como data máxima o 31 de decembro de 2026.

Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e cos informes previos que correspondan o convenio poderá ser obxecto de modificación.

SEXTA.- Obrigas das partes

O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio poderá implicar responsabilidade por parte da administración incumplidora, determinándose o alcance da responsabilidade de mutuo acordo ou a través do correspondente procedemento administrativo de responsabilidade.

SÉTIMA.- Xurisdición e seguimento

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestión litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio creárase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Santiago de Compostela.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución número 149 de data 5 de xaneiro de 2026.

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

A ALCALDESA-PRESIDENTA DO
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Asdo. Valentín González Formoso

Asdo. Goretti Sanmartín Rei

O SECRETARIO DO
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Asdo. José Manuel González García



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



Número 30 /2026

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL ROSALÍA O 21 E 22 DE FEBREIRO DE 2026

En Santiago de Compostela, a 13 de marzo de 2026.

Ante min, José Manuel González García, Secretario do Concello de Santiago de Compostela, como fedatario actuante

REÚNENSE

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, Presidente da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte, Dona Goretti Sanmartín Rei en nome e representación do Excelentísimo Concello de Santiago de Compostela, con CIF P-1507900-G, na súa calidade de alcaldesa-presidenta da Corporación, e no exercicio das competencias que lle confire a lexislación vixente, en especial, o art. 124.1.a da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o art. 61.1.a da Lei 5/97, do 22 de xullo, de réxime local de Galicia.

As dúas persoas comparecentes interveñen en uso das súas facultades que por razón dos seus cargos lles están atribuídas

MANIFESTAN

Que o Festival Rosalía púxose en marcha despois dun proceso de xuntanzas desenvolvido en 2017 entre a área de Cultura da Deputación da Coruña, o Concello de Santiago, a AELG e a Fundación Rosalía de Castro vinculado ao centenario da inauguración da estatua na súa honra da Alameda compostelá.

Que a Deputación da Coruña é a organizadora do Festival Rosalía 2026 que terá lugar en Santiago de Compostela os días 21 e 22 de febreiro integrado por un conxunto de actividades artísticas e unha feira cultural ao redor da figura de Rosalía, e que se desenvolverá nunha carpa na praza de Mazarelos e no Teatro Principal de Santiago.

Que ambas as dúas partes, tendo en conta a importancia e valor da obra de Rosalía de Castro, a figura principal da literatura galega, que desenvolveu os fitos principais da súa vida no seo desta provincia, consideran que o Festival Rosalía ten un grande interese para poñer de manifesto a súa vixencia e manter a súa presenza. Dado o coincidente interese de ambas as dúas institucións acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é determinar o marco de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para favorecer a celebración do Festival Rosalía 2026 organizado pola Deputación da Coruña.

SEGUNDA.- Obrigas das partes

Para acadar a finalidade expresada na cláusula anterior, as partes representadas comprometen a súa vontade, programando as seguintes actuacións:

a) Deputación Provincial da Coruña:

- Organizar o Festival Rosalía 2026 e financiar todas as actividades programadas, para o que tramitará os expedientes que correspondan.
- Elaborar as bases que regularán a participación e instalación de postos na feira.
- Adxudicar os postos.

b) Concello de Santiago de Compostela:

- Xestionar e financiar os permisos de actividade e o alugueiro e montaxe e desmontaxe da carpa e dos espazos que ocuparán os postos a feira.
- Persoal de seguridade nocturna.
- Poñer a disposición o espazo público necesario da praza Mazarelos para a instalación de postos de venda. Instalar un cadro eléctrico no lateral da praza Mazarelos.
- Dar acceso ao espazo dos camaríns no edificio destinado para este fin.
- Difundir o Festival Rosalía 2026 nos espazos municipais de difusión.
- Servizos técnicos, de atención ao público e limpeza do Teatro Principal.

TERCEIRA.- Achega económica das partes

A Deputación Provincial da Coruña financiará os gastos derivados das súas obrigas cun importe de 73.169,11 € de acordo co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE	IVE	TOTAL
Comisariado para o deseño e contidos, dirección das actividades - Elaborar a proposta de contidos e realizar a coordinación, supervisión e seguimento do conxunto de traballos precisos para o desenvolvemento dos contidos do festival, incluídas todas as xestións coas persoas participantes nelas - Propoñer os contidos artísticos da gala e deseñar e planificar a escaleta de actuacións e do deseño escénico dos espazos seleccionados - Xestionar a coordinación técnica da infraestrutura necesaria para as actuacións, actividades dos grupos artísticos seleccionados para o festival e a feira. - Propoñer o modelo de desenvolvemento do festival - Coordinar o desenvolvemento de todas as actividades que se realicen durante o festival	5.990,00 €	1.257,90 €	7.247,90 €
Comisariado para a coordinación xeral das actividades de difusión, prensa e imaxe do Festival Rosalía 2026 - Idear e desenvolver a narrativa da edición 2026 e o lema correspondente e creación de textos de divulgación. - Deseñar a imaxe gráfica e os derivados da mesma para prensa, web, redes e soportes de difusión do festival. - Deseñar e xestionar a estratexia de difusión do festival cara á prensa e nas redes. - Convocatoria de rolda de prensa e atención aos medios de comunicación durante a rolda de prensa previa e durante o festival e redacción de notas de prensa previa e posterior. - Montaxe, atención e mantemento do posto da Deputación durante o festival.	5.995,00 €	1.258,95 €	7.253,95 €

- Atención ao postos durante o festival e montaxe de lonas e materias decorativos. - Cobertura fotográfica durante os dous días do festival e edición das fotografías.			
Gastos de produción do Festival Rosalía 2026 Equipamento de luz e son dos dous días completos de Festival,persoal técnico para os dous días completos, material calorífico, montaxe escenario e desmontanxe do escenario etc.	6.500,00 €	1.365,00 €	7.865,00 €
MATERIAL DE MERCHANDISING E IDENTIFICATIVO DA FEIRA - Carteis Principal – 2 uds. 75x150 cm. - Sobres para meter as calcomanías – 300 uds. - Calcomanías – 5 deseños (300 de cada) - Lapis "Godiva" con goma impreso por tampografía a 1t – 500 uds. - Tea para photocall 358,5x225,75 cm – 1 ud. - Identificadores postos – Forex A4 – 20 ud. 2 planchas de Forex – 1 metro e 3mm - Roll-up 85x200cm – 1 unidade 2 tótem de 4 corpos e 3 caras - Lona microperforada 73x245 cm – 2 ud. (laterais carpa) - Lona microperforada 89x299cm – 1 ud. (ILG)	2.054,00 €	431,34 €	2.485,34€
Bolsas de papel para vendas nos postos de feira con logo do Festival e da Deputación (1 tinta-400 uds)	316,00	66,36	382,36
2 pvc fórex 19mm 120x200 cm e bases de madeira reutilizables	336,00	70,56€	406,56€
ACTIVIDADES CULTURAIS NA FEIRA (a definir proposta polo comisariado)	26.800,00 €	5.628,00 €	32.428,00 €
PUBLICIDADE DA FEIRA EN MEDIOS DE COMUNICACIÓN (ex. anuncios, cuñas de radio, banners dixitais en medios, 2 tiktokers etc)	10.000,00 €	2.100,00 €	12.100,00
IMPREVISTOS	3.000,00 €		3.000,00€
TOTAL	60.991,00 €	12.178,11 €	73.169,11 €

61.069,11 € serán imputados á partida 2025/0116/3344/22699-Outros gastos diversos- Fomento da lingua galega

12.100,00 € serán imputados á partida 2025/0116/3344/22602-Publicidade e propaganda- Fomento da lingua galega.

O Concello de Santiago financiará os gastos derivados das súas obrigas cun importe de 12.678,09 € de acordo co seguinte orzamento:

1 Carpa transparente de 10 x 20 m	7.925,50 €
2 jaimas de 5 x 5 m unidas e transparentes con iluminación	
2 jaimas de 5 x 5m para xogos populares	
Tarima de 7 x 6 m con escaleira e faldón	
Transporte e instalación	
Pantalla led P3.91 de 5 x 2,5m + técnico e montaxe	2.238,50 €
Instalación de 2 cadros de 32 Amp, permisos e cableado	1.185,80 €
1 Servizo de seguridade nocturna do 19 ao 23 de febreiro	1.328,29 €
TOTAL	12.678,09